

Arroutada tivo a sua festa nesta semana en Chantada. Vários grupos de *rock* consumaron a *unión bravu* nunha reunión e nun concerto conxunto. Todos chegaron a Chantada na procura de forza para seguir tocando e para pór en comun as filosofías das diferentes formacións, que coinciden nas suas bases.



Os grupos de *rock* galego queren ir contra o mundo

Os músicos *bravus* debateron en Chantada proxectos conxuntos

■ ARANTXA ESTÉVEZ

A total independencia da calquer institución e a concepción da música como un xeito de divertirse son dous puntos nos que coinciden *Os Diplomáticos*, *Papaqueixos*, *Bochechinhas*, *Impresentables*, *Tabernícolas*, *Herdeiros da Crus*, *Yellow Pixeliñas*, *Skornaboís* e *O caimán do río Tea*, que acudiron a Chantada tras a chamada do grupo dali, *Rastreros*, para protagonizar a II edición do *Castaño Rock*.

"Xa estamos aquí contra o mundo", tan dicendo ao chegar os mús-

sicos que viñan da Coruña, de Vimianzo ou de Monforte para o *I Simposium de Rock Bravo*. Para moitos, era a primeira vez que ian dar un concerto con grupos que cantaban en galego. A ilusión de que, na orixe do que eles chamaban *arroutada*, hai moitas experiencias comúns. "A maioría dos grupos sempre buscan os seus referentes fóra do país polas influencias que reciben. Non poden ser criticados por iso pero hai unha mancha de referentes na Galiza", comentaba un dos asistentes.

A maioría dos compoñentes de *Os Diplomáticos*, *Herdeiros da*

Crus, *Bochechinhas* ou *Rastreros* estudan ou traballan. Máis isto, cada vez teñen maior adicación á música. Algúns como *Diplomáticos* e *Herdeiros* xa saben o que son as relacións con discográficas. Na reunión, que se celebrou o Luns, un día antes do concerto, os grupos conversaban sobre este tema.

"Nós gravamos un par de temas en castelano para probar cunha casa discográfica", comentaba un dos membros de *Yellow pixeliñas*. "As compañías amosaron un interese polos grupos galegos hai uns anos pero logo empezaron a desfa-

cerse deles. O que lles importa é vender. Xa ves, Dro gravoulle o primeiro disco a *Diplomáticos*, pero co segundo xa tiveron que buscarse a vida eles", dicía Cele, a voz dos *Skornaboís*.

Proxectos para o *rock* galego

O xornalista Manuel Rivas tamén estivo neste encontro, convidado polos músicos. Xurxo Souto, líder de *Os Diplomáticos*, é un grande admirador de Rivas e, ademais, cre que na súa literatura hai elementos comúns coa filosofía do grupo musical da Coruña e con

outros da Galiza. Segundo Souto, Rivas recolle a máxía dos paisanos e da terra. Para o escritor, os grupos que se reúnen en Chantada eran un expoñente de liberdade creativa, de forza imparábel.

Moitos dos grupos que ali se reuniron non se coñecían entre eles. O simpósio e o concerto do día posterior serviron para unha troula que os fixo amigos e para planificar proxectos comúns. Destes dous días, podería saír un vídeo, xa que a TVG ía gravar o concerto, un *fanzine* e un disco compilatorio, que era o que proporcionaba maior ilusión a todos os rapaces. ♦

Os grupos ali reunidos aseguraban ter moito en común. Coincidían en que para que un movemento musical tivese éxito e se fixese ouvir,

tiña que haber referencias compartidas. Para todos, a liña comezada polos *Diplomáticos* é subscrita plenamente. A

espontaneidade é a marca de distinción da arroutada pangaica, da que esta é a radiografía dalgun dos seus protagonistas.

Os Diplomáticos de Monte Alto

Guni, Rómulo, Mangüi, Viascón e Xurxo Souto son os membros do grupo da Coruña. Son o emblema do *rock bravu*, termo orixinal que se deriva do insatisfactorio *rock bravo*. Comezaron a tocar no seu barrio no ano 1990. O cantante, Xurxo, cre que esta é a era das guitarras eléctricas e que a súa música recolle o que di e fai a xente nas ruas. Teñen dous discos grabados e unha grande admiración polo grupo vasco *Negu Gorriak* e por *Mano Negra*.

Rastreros

Para o grupo de Chantada, o mellor que se pode facer nunha vila é poñerse a tocar. "Empezamos a facer música por aborrimiento. Nunha vila non hai alternativas ademais de estar

O rock galego dos 90

metido nun bar", comenta Richi, o batería. Ademais del, pertencen ao grupo Eléctrico (cantante), Killo (guitarra) e Xullo (baixo). Déronse a coñecer en 1989 nun concerto organizado por Radio Piratona, en Vigo. Teñen grabada unha maqueta, un single chamado *Perigo: animais ceibes*, onde inclúen unha gaita, e a música da carátula do programa de TVG, "Clipmanía".

Os Papaqueixos

Este grupo da Coruña está formado por Paco, Manolo, Fran, Xan Perillán e Antón e introducen a gaita nas súas cancións. "A nosa é música castropa, heroxénea e selvaxe. É un lio de conceptos, unha mistura dos diferentes tipos de cantigas medievais", explica o

guitarra, Paco. Todos os membros coinciden á hora de sinalar a súa influencia musical decisiva: Richard Clayderman.

Skornaboís

Comezaron hai sete anos a "zoupar nas latas que atopaban" en Lourenzá, na mariña de Lugo. Mané, guitarra, Patu, baixista, Villano, batería e Cele, voz, son os compoñentes deste grupo que ten a súa pedra de toque no nacionalismo. O ano pasado, deron os seus primeiros concertos.

Yellow Pixeliñas

Son de Monforte e teñen dous discos: *Galician people speak galego* e *Lacon lover*, este último producido por Alberto Torrado,

de *Os Resentidos*, e coa colaboración de Antón Reixa. Tico, Tito, Tom, Xavier, Franki e Pierrez resumen a súa filosofía de grupo en "anarquía total".

Os impresentables

"Os de Vimianzo damos co soco na asera". Este dito desconcertante é o seu lema. Alexandre, Benxa, Xoán e Carlos comezaron a tocar a finais do 89 e a súa primeira canción foi "A empanadilla". Tentan que tras a ironía das súas letras, a xente atope a mensaxe agachada. "Facemos letras encobertas e o noso é *rock infictivo*, xa que hai influencias de todo tipo de música", explica Benxa. Subscríbense sen dúbidas ao *rock bravu* como movemento que ten as súas raíces na Galiza.

Os Bochechinhas

Mangüi e Viascón, de *Os Diplomáticos* forman este grupo xunto con Cisco, Carlos e Rubén. Xente de Vigo e da Coruña dándolle ao rap galego-portugués. Non hai guitarra neste grupo, o que dá boa conta dos enfoques radicais en canto á música. O esencial, o sentido do humor.

O caimán do río Tea

Miki Dinamita, Xosé Touciño, Rafa e Mon gañaron en 1991 o II Certame da Canción Galega de Pontareas e, neste ano, quedaron de terceiros. "As nosas cancións reflicten situacións desesperadas. Por outra parte, queremos que o *rock* galego se equipare, por exemplo, ao que foi o *rock radical basco*", di Rafa. Agora mesmo, están gravando un tema para o espazo televisivo da TVG, "Xabarin Club". ♦